

EMILIA PARDO BAZÁN MÚLTIPLE Y ECLÉCTICA (I)

*Obras donadas a esta Biblioteca
por la Sra. D. Emilia Pardo Bazán*

Centenario 2021



Casal, X. Copia del pintor Vaamonde de D^a Emilia Pardo Bazán.
Ca.1984. Diputación Provincial A Coruña

Documento del mes de enero

UNA CITA:

“Dejar de leer libros es dejar de pensar”

F. Dostoievski

En la primavera de 1887, Emilia Pardo Bazán pronuncia, en el Ateneo de Madrid, una serie de tres conferencias que más tarde publica bajo el título de *La revolución y la novela en Rusia*. Con treinta y cinco años, en la mitad de su vida, se consagra, es la celebridad del momento. Apenas un par de meses después, en un documento conservado en nuestro Archivo fechado el 12 de junio, se registra la devolución de un centenar de obras prestadas a doña Emilia por la Biblioteca de la Diputación de A Coruña. Los autores galos y rusos de última moda en Francia, que sin duda constituyeron la base de su estudio. Todos estos libros en lengua francesa, se editaron en París y en los años ochenta, principalmente. *La Russie politique et sociale* de Tikhomirov o *Le roman russe* de Vogüé, son algunas de sus lecturas para dar contexto y once obras de Turguénev su favorito, ocho de Tolstoi, cuatro de Dostoievski, Lérmontov, Pushkin, Goncharov y Gógol, destacan en sus lecturas entre las de otros muchos novelistas (ver [Documento préstamo y Fichas libros de la Biblioteca](#)).

Los años ochenta serán prolíficos, su mejor momento. Eclipsado el marido, a partir de 1884 inicia sus viajes en solitario a París. Múltiple y ecléctica, hace vida de estudiante en la Biblioteca Nacional y asiste a los domingos de Goncourt, tanto como hace vida de noctámbula y frecuenta a los rusos exiliados. La literatura rusa le fascina incondicionalmente, será su verdadera escuela literaria. Por su sentido social afín a su estética literaria, por la importancia que los revolucionarios concedían a la igualdad de la mujer y por la regeneración que anticipa en más de una década el 98. Justo por entonces publica los Pazos de Ulloa (1886) y Madre Naturaleza (1887).

Polémica y excéntrica, se había hecho famosa en 1883 por defender una corriente literaria francesa innovadora y atrevida, el naturalismo, más pasajera y menos decisiva en ella. Se la puede considerar como un puente de lo que se leía en Francia. Cosmopolita y revolucionaria, introduce novedades heterodoxas en un público ortodoxo. Agitadora e influyente, asimiló lo nuevo y produjo un gran impacto cultural. Combinó la potencia divulgadora y la modernidad crítica. Incidió en la vida pública, orientando, influyendo y ampliando lectores.

De la extraordinaria correspondencia que establece con las principales figuras de esta época, sobresalen sus cartas a Galdós, su amante entonces y amigo siempre, en línea con su anhelada comunión de intelectos. Precisamente en aquel mes de junio de 1887, le reseña el apoteósico recibimiento que le organizaron en el Círculo de Artesanos de A Coruña, a su regreso de Madrid tras las exitosas conferencias del Ateneo. "Un recibimiento propio de un novelista ruso", dice, "a la altura de la popularidad de un Dostoievski". Le describe que en el tren de regreso a Galicia se había leído toda la primera parte de Fortunata y Jacinta. En previsión del recelo de don Benito, le advierte que "si no fuese algo lince en leer, ¿cuándo y cómo estudiaría?". Apenas Galdós le gustaba más que ningún libro, le cuenta apasionada (ver exposición [Benito Pérez Galdós y Pardo Bazán](#) en la BNE).

Doña Emilia había recibido la alternativa como oradora nada menos que de Castelar, en A Coruña, el 2 de septiembre de 1885, ante tres mil personas. El discurso se publicó en 1888 con el título de "La poesía regional gallega", junto a otros textos críticos en un volumen titulado De mi tierra, es el primer estudio científico de conjunto sobre la literatura gallega. El Círculo de Artesanos, presidido por su marido, José María Quiroga y Pérez de Deza, organizó la velada en el Teatro Principal en homenaje a Rosalía de Castro, fallecida dos meses antes, pero Pardo Bazán acapara todo el protagonismo, según Manuel Murguía, que ni siquiera es invitado. Surge entonces un largo y profundo resentimiento. En su papel de autoridad intelectual patriarcal, vió inmediatamente en ella a una formidable competidora que no habría de conformarse con ser la encarnación de la emotividad de su tierra, sino que deseaba dirigirla como él. Aunque convendría

Emilia Pardo Bazán de la Rúa Figueroa nació en un ambiente liberal progresista en 1851. Sus padres, José y Amalia, pertenecían a una clase intermedia de hidalgos, una élite propietaria e ilustrada que frecuentaba salones literarios liberales coruñeses como el de la condesa de Espoz y Mina. La carrera política de José Pardo Bazán comenzó en 1854 como regidor 11º y alcalde 3º de A Coruña, continuó en 1855 como diputado provincial y finalizó de diputado a Cortes, en 1855 y 1869. La educación de Emilia sería inusual, autodidacta. Sin posibilidad de acceso a las instituciones masculinas de enseñanza, se educa en casa, con su padre como figura clave. Le abre las puertas de su espléndida biblioteca a su única hija, que resulta ser una superdotada insaciable con un formidable empeño en su formación intelectual. A la edad de catorce años ya se le había permitido leer de todo. Pronto necesitará ampliar horizontes y hará acopio de lecturas heterodoxas en otras bibliotecas, las de amigos como Juana de Vega, la Biblioteca de la Universidad de Santiago y la Biblioteca Nacional de Madrid. (ver [doc. Juana de Vega y Actas](#)).

La voracidad lectora, mucho talento y una enorme capacidad de trabajo, sientan las bases. El desahogo económico, los ambientes elitistas y un manejo inteligente de las relaciones sociales harán el resto. Es así como de hidalga gallega llega a gran dama de las letras y figura clave, junto con Clarín y Galdós, de la novela decimonónica.

Intelectual versátil, conferenciante, crítica literaria, biógrafa, periodista, ensayista, traductora, dramaturga, novelista, cuentista, gastronomía, cronista de viajes y empresaria cultural, es una naturaleza expansiva, múltiple, imponente, una mujer con los privilegios de un hombre, que altera los estereotipos e irrumpe en los círculos intelectuales masculinos.

Su naturaleza compleja, difícil de clasificar, trascendió del carlismo juvenil, que ofreció un notable ámbito de actividad pública y política a las mujeres, hacia una actitud krausista, tolerante. En su construcción de un perfil público, se retira estratégicamente hacia una rentable neutralidad, de afectos tan dispares como Cánovas, Salmerón o Castelar. Tan bien se situó en el sistema de la Restauración, que fue capaz de publicar en toda la prensa.

Muy leída y célebre, disfrutó de su éxito y su mejor obra fue su propia vida. Un proceso culturalmente transgresor de construcción de su identidad, de promoción de sus méritos. Su mayor ambición fue ganarse la vida como escritora, profesionalizarse. Una moderna voluntad por legitimar su imagen de escritora en un ámbito literario puramente masculino. Desvinculada del lazo conyugal y aliviada de las cargas domésticas, más artista que mujer, alcanzaría el estatus de intelectual liberada, una emancipación intelectual y vital por la que pagará su precio en lo público y en lo privado. Pero su gran recurso emocional e intelectual habría de ser el trabajo. No podía vivir la vida sin la mediación del arte.

BIBLIOGRAFÍA:

- BARREIRO FERNÁNDEZ, José Ramón. "A ideoloxía política de Emilia Pardo Bazán. Unha aproximación ao tema". La Tribuna. Cuadernos de estudios da Casa Museo Emilia Pardo Bazán. 3 (2005).
- BARREIRO FERNÁNDEZ, José Ramón. "Emilia Pardo Bazán en su tiempo histórico". Estudios sobre la obra de Emilia Pardo Bazán. Actas de las Jornadas conmemorativas de los 150 años de su nacimiento. 2003.
- BURDIEL, Isabel. Emilia Pardo Bazán. Barcelona. Taurus. 2020.
- GONZÁLEZ-ARIAS, Francisca. "La condesa, la revolución y la novela en Rusia". Boletín Hispánico. 96 n°1 (1994).
- MORILLAS, Jordi. "La recepción de F. M. Dostoievski en España". Estudios Dostoievski. 2 (2019).
- PÉREZ BERNARDO, María Luisa. "La influencia de Dostoievski y la novela rusa en la obra de Emilia Pardo Bazán". Mundo Esloveno 16 (2017).

Na primavera de 1887, Emilia Pardo Bazán pronuncia, no Ateneo de Madrid, unha serie de tres conferencias que máis tarde publica baixo o título *A revolución e a novela en Rusia*. Con trinta e cinco anos, na metade da súa vida, conságrase, é a celebridade do momento. Apenas un par de meses despois, nun documento conservado no noso Arquivo datado o 12 de xuño, rexístrase a devolución dun centenar obras prestadas a dona Emilia pola Biblioteca da Deputación da Coruña. Os autores galos e rusos de última moda en Francia, que sen dúbida constituían a base do seu estudo. Todos estes libros en lingua francesa, editáronse en París e nos anos oitenta, principalmente. *La Russie politique et sociale* de Tikhomirov ou *Le roman russe* de Vogüe, son algunhas das súas lecturas para dar contexto e ónce obras de Turguênev o seu favorito, oito de Tolstói, catro de Dostoievski, Lérmontov, Pushkin, Goncharov e Gógol, destacan nas súas lecturas entre as doutros moitos novelistas. (ver [Documento préstamo](#) y [Fichas libros de la Biblioteca](#)).

Os anos oitenta serán prolíficos, o seu mellor momento. Eclipsado seu home, a partir de 1884 inicia as súas viaxes en solitario a París. Múltiple e ecléctica, fai vida de estudante na Biblioteca Nacional e asiste aos domingos de Goncourt, tanto como fai vida de noctámbula e frecuenta aos rusos exiliados. A literatura rusa fascínalle incondicionalmente, será a súa verdadeira escola literaria. Polo seu senso social afín á súa estética literaria, pola importancia que os revolucionarios concedían á igualdade da muller e pola rexeneración que anticipa en máis dunha década o 98. Xusto por entón publica os Pazos de Ulloa (1886) e Nai Natureza (1887).

Polémica e excéntrica, fíxose famosa en 1883 por defender unha corrente literaria francesa innovadora e atrevida, o naturalismo, máis pasaxeira e menos decisiva nela. Pódese considerala como unha ponte do que se lía en Francia. Cosmopolita e revolucionaria, introduce novidades heterodoxas nun público ortodoxo. Axitadora e influente, asimilou o novo e xerou un grande impacto cultural. Combinou a potencia divulgadora e a modernidade crítica. Incidiu na vida pública, orientando, influíndo e ampliando lectores.

Da extraordinaria correspondencia que establece coas principais figuras desta época, sobresaen as súas cartas a Galdós, o seu amante entón e amigo sempre, en liña coa súa anhelada comunión de intelectos. Precisamente naquel mes de xuño de 1887, apúntalle o apoteósico recibimento que lle organizaron no Círculo de Artesáns da Coruña, ao seu regreso de Madrid tras as exitosas conferencias do Ateneo. "Un recibimento propio dun novelista ruso", di, "á altura da popularidade dun Dostoievski". Descríbelle que no tren de regreso a Galicia leu toda a primeira parte de *Fortunata e Jacinta*. En previsión do receo de don Benito, advírtelle que "se non fose algo lince en ler, cando e como estudaría?". Apenas Galdós gustáballe máis que ningún libro, contalle apaixonada (ver exposición [Benito Pérez Galdós](#) e [Pardo Bazán](#) na BNE).

Dona Emilia recibira a alternativa como oradora nada menos que de Castelar, na Coruña, o 2 de setembro de 1885, ante tres mil persoas. O discurso publicouse en 1888 co título de "A poesía rexional galega", xunto a outros textos críticos nun volume titulado *Da miña terra*, é o primeiro estudo científico de conxunto sobre a literatura galega. O Círculo de Artesáns, presidido polo seu marido, José María Quiroga e Pérez de Deza, organizou a velada no Teatro Principal en homenaxe a Rosalía de Castro, finada dous meses antes, pero Pardo Bazán acapara todo o protagonismo, segundo Manuel Murguía, que nin sequera é convidado. Xorde entón un longo e profundo resentimento. No seu papel de autoridade intelectual patriarcal, veu inmediatamente nela a unha formidable competidora que non batería de conformarse con ser a encarnación da emotividade da súa terra, con

Emilia Pardo Bazán da Rúa Figueroa naceu nun ambiente liberal progresista no ano 1851. Os seus pais, José e Amalia, pertencían a unha clase intermedia de fidalgos, unha elite propietaria e ilustrada que frecuentaba salóns literarios liberais coruñeses como o da condessa de Espoz e Mina. A carreira política de José Pardo Bazán comezou en 1854 como rexedor 11º e alcalde 3º da Coruña, continuou en 1855 como deputado provincial e finalizou de deputado a Cortes, en 1855 e 1869. A educación de Emilia sería inusual, autodidacta. Sen posibilidade de acceso ás institucións masculinas do ensino, educase na casa, co seu pai como figura clave. Ábreille as portas da súa espléndida biblioteca á súa única filla, que resulta ser unha superdotada insaciable cun formidable empeño na súa formación intelectual. Á idade de catorce anos xa se lle permitiu ler de todo. Pronto necesitará ampliar horizontes e fará provisión de lecturas heterodoxas noutras bibliotecas, as de amigos como Juana de Vega, a Biblioteca da Universidade de Santiago e a Biblioteca Nacional de Madrid. (ver [doc. Juana de Vega](#) y [Actas](#)).

A voracidade lectora, moito talento e unha enorme capacidade de traballo, sentan as bases. O desafogo económico, os ambientes elitistas e un manexo intelixente das relacións sociais farán o resto. É así como de fidalga galega chega a gran dama das letras e figura clave, xunto con Clarín e Galdós, da novela decimonónica.

Intelectual versátil, conferenciante, crítica literaria, biógrafa, xornalista, ensaísta, tradutora, dramaturga, novelista, contista, gastronoma, cronista de viaxes e empresaria cultural, é unha natureza expansiva, múltiple, imponente, unha muller cos privilexios dun home, que altera os estereotipos e irrompe nos círculos intelectuais masculinos.

A súa natureza complexa, difícil de clasificar, transcendeu do carlismo xuvenil, que ofreceu un notable ámbito de actividade pública e política ás mulleres, cara a unha actitude krausista, tolerante. Na súa construción dun perfil público, retirase estratexicamente cara a unha rendible neutralidade, de afectos tan dispares como Cánovas, Salmerón ou Castelar. Tan ben se situou no sistema da Restauración, que foi capaz de publicar en toda a prensa.

Moi lida e afamada, gozou do seu éxito e a súa mellor obra foi a súa propia vida. Un proceso culturalmente transgresor de construción da súa identidade, de promoción dos seus méritos. A súa maior ambición foi gañarse a vida como escritora, profesionalizarse. Unha moderna vontade por lexitimar a súa imaxe de escritora nun ámbito literario puramente masculino. Desvinculada do lazo conxugal e aliviada das cargas domésticas, máis artista que muller, acadaría o status de intelectual liberada, unha emancipación intelectual e vital pola que pagará o seu prezo no público e no privado. Pero o seu gran recurso emocional e intelectual habería de ser o traballo. Non podía vivir a vida sen a mediación da arte.

BIBLIOGRAFÍA:

- BARREIRO FERNÁNDEZ, Xosé Ramón. "A ideoloxía política de Emilia Pardo Bazán. Unha aproximación ao tema". *La Tribuna. Cuadernos de estudios da Casa Museo Emilia Pardo Bazán*. 3 (2005).
- BARREIRO FERNÁNDEZ, Xosé Ramón. "Emilia Pardo Bazán en su tiempo histórico". *Estudios sobre la obra de Emilia Pardo Bazán. Actas de las Jornadas conmemorativas de los 150 años de su nacimiento*. 2003.
- BURDIEL, Isabel. *Emilia Pardo Bazán*. Barcelona, Taurus. 2020.
- GONZÁLEZ-ARIAS, Francisca. "La condessa, la revolución y la novela en Rusia". *Bulletin Hispanique*. 96 nº1 (1994).
- MORILLAS, Jordi. "La recepción de F. M. Dostoievski en España". *Estudios Dostoievski*. 2 (2019).
- PÉREZ BERNARDO, María Luisa. "La influencia de Dostoievski y la novela rusa en la obra de Emilia Pardo